

# DECRETO

**Expediente núm.:** 3615/2023

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vistas as Bases para a contratación de 6 Peóns para as brigadas de incendios obxecto do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello da Estrada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023-2024, aprobadas por Resolución de Alcaldía nº 2023-0929 de 03/07/2023 e publicadas na prensa e na web municipal.

Visto que unha vez rematado o proceso selectivo producíronse varias vacantes debido a renuncias, e non aptitude nas probas físicas de algúns candidatos.

Visto que en caso de que non se cubran as 6 prazas ofertadas as brigadas municipais non poderían estar operativas.

## RESOLUCIÓN

Ampliar o prazo de presentación de instancias en 2 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión para participar no proceso selectivo para contratar a 3 peóns para as brigadas de incendios obxecto do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello da Estrada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023-2024.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde do que da fe a Secretaria Acct

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

